

G.117

MUSEO DE PONTEVEDRA

AVANCES SOBRE A TIPOLOXÍA
DA CERÁMICA CASTREÑA:
AS XERRAS

POR

XOSEFA REY CASTIÑEIRA



B 7-1
Carp1-5

PONTEVEDRA
1982



Na tese da licenciatura¹, fixemos un exame e clasificación do material cerámico de diferentes castros, espallados por toda a área galega, no que puidemos observar que existen unhas tradicións alfareiras moi concretas e con grandes diferencias entre elas, pro que na actualidade non son fáciles de definir. Presentan numerosos problemas de cronoloxía e son moitas as áreas que inda quedan sin prospectar e moito mais sin escavar, como pra establece-los seus límites. Non obstante, podemos pouco a pouco clasifica-los seus tipos cerámicos pra ir perfilando algunha das súas características².

A forma que agora tratamos de definir, distínguese fundamentalmente polo tipo de asa, que ten un burato amplo pra collela doadamente. Esta ten sempre acanaladuras fondas que lle dan un aspecto lobulado. A decoración no seu conxunto tamén é moi típica, a base de bandas horizontais. Os anacos que fomos recollendo teñen sempre estes mesmos rasgos. Ó primeiro pensabamos que se trataba dunha vasilla panzada, tan frecuente nos castros, que podía ter múltiples usos, pro así como fomos rexistrando mais pezas puidemos deducir que tiñan unha soa asa (anaco n.º 2) e que ésta responde sempre ó tipo descrito antes; de ahí vén que as denominemos xerras.

CATALOGO.

CASTRO DE PORTO NADELAS. Lugar de Porto Nadelas, Parroquia de Queiruga. Axuntamento de Porto do Son (A Coruña). Coordenadas 42° 40' 20" N. 5° 21' 10" W.³. Este Castro nunca foi escavado, pro a familia García Bayón⁴ logrou reunir unha considerable colección de restos, a maior parte deles cerámicos, que tivémo-la oportunidade de estudar detidamente. Dada a súa proximidade co Castro de Baroña e a grande semellanza que presenta o material cerámico de ámbolos dous xacementos, cremos que o día en que Baroña teña uns resultados cronolóxicos e estratigráficos, éstos serán aplicables a Porto Nadelas.

Anaco n.º 1 (fig. 1,1).

Medidas: 7,5 (alto) x 8 cm. (ancho). Grosor das paredes: 0,4 cm. Diámetro boca: 12 cm. Pasta color castaña escura (2G5)⁵. Fractura uni-




Fig. 1.

forme. Degrasante granítico de gran medio. Superficies ben rematadas, a exterior con algo de brillo. Non está feita a torno rápido. Decoración: bandas horizontais, formadas cada unha por tres liñas incisas.

Anaco n.º 2 (fig. 1,2).

Medidas: 8,5 x 28 cm. Grosor paredes: 0,6 cm. Diámetro boca: 12 cm. Pasta color castaña clara (2C3), co núcleo gris case negro. Degrasante granítico de gran medio que sae en ámbalas superficies, a exterior con algo de brillo e alisado vertical. Non está feita a torno rápido. Decoración: bandas horizontais formadas por liñas paralelas oblicuas, ou ben en espiña de peixe. No borde obsérvase un desconchado no sitio que ocuparía a asa. Polo grandor do anaco atopado podemos comprobala existencia dunha soa asa, feito que ten moita importancia por se-lo único caso en que é isto verificable.

CASTRO DAS MEDOÑAS.

Parroquia de Coruxo. Axuntamento de Vigo (Pontevedra). Coordenadas 42° 11' 24" N. 5° 05' 20" W. Este xacemento nunca foi escavado e son poucos os descubrimentos que se coñecen del. O anaco que estudiamos atópase depositado na Universidade de Santiago, Facultade de Xeografía e Historia, Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía. Foi incluído dentro da clasificación feita por Monteagudo⁶ coas olas medianas.

Anaco n.º 3 (fig. 1,3).

Medidas: 13 x 11 cm. Grosor paredes: 0,5 cm. no pescozo e 0,2 na panza. Diámetro boca: 13 cm. Pasta color ocre roxiza (2D6) co núcleo gris (1D2). Degrasante granítico, fino. Superficie exterior, sin brillo, con alisado vertical nos espazos sin decorar. Superficie interior con alisado horizontal na embocadura. Non está feita a torno rápido. Decoración: ocupa o pescozo da vasilla e a cara exterior da asa. Fórmala bandas horizontais nas que alternan ringleiras de motivos impresos con acañaduras, en grupos de catro.

A decoración interrómpese na panza. A asa vai decorada con tres sulcos fondos, verticais e o espazo entre eles, con impresións de puntos alongados ou triangulares.

ORIXE DESCOÑECIDA.

O anaco atópase depositado no Museo de Pontevedra, na vitrina de "Cultura castreña". O seu número de inventario é F. 72.604.

Anaco n.º 4 (fig. 2,1).

Medidas: 10 x 15 cm. Grosor paredes: 0,4. Diámetro boca: 14 cm. Pasta color parda roxiza coa asa ennegrecida. Degrasante granítico me-






Fig. 2.

dio. Superficie exterior brillante. A embocadura ten un alisado horizontal. Non está feita a torno rápido. Decoración: bandas horizontais, formadas cada unha por catro liñas acanaladas, as cales interrúmpense debaixo da asa. Esta última ten dous sulcos verticais profundos e un horizontal no seu comenzo. O espacio entre os dous sulcos decórase con liñas oblicuas incisas.

CASTRO DA ILLA DE TORALLA.

Parroquia de S. Salvador de Coruxo. Axuntamento de Vigo (Pontevedra). Coordenadas: 42° 12' 00" N. 5° 06' 45" W. O anaco está no Museo Municipal "Quiñones de León" de Vigo. Nesta illa, amais do castro, atopáronse restos dunha necrópolis romana. O castro foi escavado en moitas ocasións (anos 1828, 1931, 1934, 1970 e 1974) e moi amplamente se xugámo-la grande cantidade de material extraído. A pesar diso non se escribiron sobre el mais ca pequenas referencias⁷. Na actualidade está en estudio⁸. Algúns autores cren que a súa cerámica é moi arcaica e exclúen a influencia romana⁹, pro non xustifican esta afirmación, polo que, desde o noso punto de vista, é algo que inda non está claro, sobre todo tendo en conta os moitos restos romanos dos arredores.

Anaco n.º 5 (fig. 2,2).

Medidas: 9 × 7 cm. Grosor paredes: 0,3 cm. na barriga e 0,6 no pescozo. Diámetro boca: 8 cm. Pasta color castaña (2E5), ennegrecida na asa, co núcleo case negro. Degrasante granítico fino. Superficie exterior brillante, o mesmo cá embocadura. Non está feito a torno rápido. Decoración: bandas horizontais formadas por grupos de catro acanaladuras. Estas bandas interrúmpense no espacio que queda debaixo da asa. Esta última leva unha acanaladura vertical no centro.

CASTRO PEQUENO DO NEIXON.

Parroquia de San Vicente de Cespón. Axuntamento de Boiro (A Coruña). Coordenadas: 42° 39' 40" N. 5° 09' 10" W. O anaco que imos describir atópase nunha colección particular na provincia da Coruña. O xacimento foi escavado ó longo de moitos anos por diferentes autores¹⁰ e séguense facendo campañas¹¹. Tódolos que escribiron sobre o castro coinciden en atribuírle unha das cronoloxías mais antigas, dentro do mundo castrexo, é dicir, s. VI-V A.C. cando os rasgos do bronce final inda están vixentes.

O anaco corresponde á campaña de excavación feita por González Blanco. Apareceu nunha franxa aberta na muralla na que o estrato mais fértil foi o 2, con moitos anacos de escorias, crisois, carbóns, bronces, etc., que pola súa tipoloxía encaixan na etapa do Bronce final¹². Non obstante, hai que dicir que o autor non especificou o contexto dos ana-




Fig. 3.

cos cerámicos, os cales se ben son mais abundantes no dito nivel non deixaron de aparecer nos demais, mesmo no superficial que se puido formar cando o castro Grande estaba en pleno apoxeo e entón a data chegaría a un momento romanizado.

Anaco n.º 6 (fig. 2,3).

Medidas: 5 × 4 cm. Grosor paredes: 0,4 cm. Diámetro boca: 10 cm. Pasta color castaña roxiza. Degrasante granítico fino. Superficies brillantes con bruñido horizontal na cara interior. Non está feita a torno rápido. Decoración: bandas horizontais formadas por grupos de tres liñas acanaladas.

A CIDADE DE CANEIRO.

Lugar de Caneiro. Parroquia de San Bartolomeu de Fozara. Axuntamento de Pontearreas (Pontevedra). Coordenadas: 42° 13' 40" N. 5° 49' 30" W. O anaco que presentamos está no Museo Municipal "Quiñones de León" de Vigo.

O xacimento é moi rico en descubrimentos¹³, pro desgraciadamente non proveñen de excavacións científicas senón de desprendimentos de terra producidos pola chuvia, na zona onde se explotou como canteira de arxila.

Algunhas pezas, polo seu parentesco co material da Meseta¹⁴, foron datadas no séculos IV-III A.C. Moitos dos seus tipos cerámicos son semellantes ós de Castromao (Celanova, Ourense), Cameixa (Carballiño, Ourense) e outros xacimentos situados na ribeira do Miño. O fragmento que agora estudiamos xa foi analizado antes e clasificado correctamente como xerra¹⁵.

Anaco n.º 7 (fig. 3,1).

Medidas: 12 × 8 cm. Grosor paredes: 0,4 cm. Diámetro boca: 10 cm. Pasta color alaranxada (2C6), con núcleo gris escuro (1D3). Degrasante granítico medio. Superficies aspras, sen brillo, a exterior ten un espatulado vertical. Non está feita a torno rápido. Decoración: bandas horizontais formadas por grupos de tres e catro acanaladuras que se interrompen debaixo da asa. Esta última ten un sulco vertical no centro que lle dan un aspecto parecido ó das ánforas.

CASTRO DO FACHO DE DONON.

Parroquia de Hío. Axuntamento de Cangas (Pontevedra). Coordenadas 42° 16' 30" N. 5° 10' 30" W. O anaco está depositado na colección "Suárez Mariño" (Hío).

Este xacimento manifesta claros indicios de romanización¹⁶ entre os que destacan os abundantes restos de aras, datadas no século III¹⁷.




Fig. 4.

Anaco n.º 8 (fig. 3,2).

Medidas: 14 × 11 cm. Grosor paredes: 0,4 cm. Diámetro boca: 17 cm. Pasta color roxiza con manchas escuras (3C4). O núcleo é gris case negro. Degrasante granítico medio. Superficie exterior espatulada verticalmente. A superficie interior ten moitos bultos. Non está feita a torno. Decoración: bandas horizontais formadas cada unha por dúas acanaladuras. Ocupan o pescozo da vasilla e interrúmpense debaixo da asa. A última das bandas ten tres acanaladuras e na súa parte inferior unha ringleira de "SS" a partir da cal saen en tramos espaciados acanaladuras verticais en grupos de tres. Este motivo decorativo é moi frecuente nos castros da ribeira do Miño.

CONCLUSIONS.

Trátase dunha vasilla que intentamos identificar dentro do material cerámico da cultura castrexa. As súas características son moi concretas e facilmente recoñecibles. Sempre estamos diante de anacos relativamente pequenos, pro apréciase con claridade que se trata dunha xerra de verquer que normalmente aparece bastante decorada, polo que hastra podíamos pensar que é en certa medida unha peza da vasilla de mesa. Ten forma panzuda, con perfil en "S" e borde sempre convexo curvo. Presenta unha soa asa, vertical, que une o borde coa panza e o seu burato permite collela doadamente con toda a man. O fondo supoñemos que era chan, posto que é o que mais abunda nos castros nos que aparecen restos deste recipiente, pro non podemos vincular ningún a estas vasillas. A súa decoración sempre se distribúe en bandas horizontais, formadas por acanaladuras suaves que se interrompen debaixo da asa e ocupan o espacio do pescozo. Na panza cambia a estrutura decorativa ou cóbrese cun espatulado. As asas teñen unha, dúas e hastra tres acanaladuras verticais profundas que lle dan un aspecto lobulado. Entre estes sulcos acostúmase a poñer motivos impresos e mesmo estampillados (fig. 5 y 6).

Como subtipo destas xerras incluímo-las vasillas da figura 4¹⁸ procedentes do castro de A Lanzada (1 a 6) e Toralla (7). Se ben non as podemos denominar xerras, por non atoparmos ningún anaco que teña asa, tampouco podemos excluílas, posto que o seu perfil, tamaño e composición decorativa, anque con certas variantes, encaixan dentro do grupo.

O mapa de distribución desta forma castrexa non o fixemos só a partir dos exemplares catalogados, senón tamén das asas aquí rexistradas (fig. 7) doutras coñecidas pola bibliografía¹⁹ e a través de algunhas noticias²⁰. Tamén engadímo-las vasillas da fig. 4 que como dixemos son un subtipo.




Fig. 5.— Asas procedentes do Castro de Nadelas.




Fig. 6.— Asas procedentes do Castro da Isla de Toralla (nº 1, 2, 3), Castro de Sta. Tecla (nº 4), Castro de Baroña (nº 5, 6).

Obsérvase un predominio costeiro, sobre todo na ría de Vigo e na Península do Barbanza, cunha penetración fluvial hacia o interior moi esporádica. Temos que ter en conta que hai moitas zonas sin escavar nin prospectar e, polo tanto non se pode establece-la área real de dispersión nin concreta-los seus límites. Polo que hoxe coñecemos, esta forma exténdese pola parte SO. de Galicia. O chegar á ribeira do Miño, na área da desembocadura, convive cunha tradición cerámica moi diferente non só en canto a formas senón tamén na decoración, a cal pódese recoñecer a través dos castros de Santa Tegra, Fozara e Troña cerca da desembocadura e Cameixa, Castromao e S. Cibrán das Lás na súa parte media.

O resto dos límites só os podemos establecer cos exemplares rexistrados, xa que as noticias de restos cerámicos fanse escasas. De tódalas maneiras é interesante recalcar que os castros de Borneiro, Elviña e Meirás, sitios na costa norte, non rexistran entre os seus restos esta forma. O mesmo ocorre co castro de Viladonga, do cal coñecemos todo o que se extraíu na campaña de 1976.

Entre a cerámica castrexa portuguesa, a forma "2" de Ferreira de Almeida ten un claro parentesco con estas xerras anque non podemos integralas na nosa clasificación, xa que as variantes denotan un contexto diferente²¹.

No que se refire á cronoloxía, do único que podemos partir é das datacións que en cada un dos castros nos deron os seus restos mais significativos, anque sempre conscientes de que un xacimento ten habitualmente unha longa vida e, polo tanto, diferentes datacións segundo as secuencias estratigráficas que se determinen e das que carecemos na cultura castrexa.

Un punto de partida puidese se-la estampilla. É un dos elementos comúns a tódolos castros en que se atopan, menos o castro Pequeno do Neixón. Esta técnica decorativa datouse a fins do século III e comenzos do II a. C. no castro portugués de Facha²², a cal coincide coa doutros xacimentos do resto da Península²³.

A data mais antiga que podemos supoñer pra esta forma viría dada polo exemplar de O Neixón sempre e cando o achádego se producise no estrato dos bronces, escorias, crisois, etc., datados entre os séculos VI-V a. C.

O exemplar de O Facho aportaríano-la última data coñecida, s. III d C., sempre no caso que correspondesen ó mesmo contexto cronolóxico que as aras.




Fig. 7.— Area de distribución desta vasixa e puntos de localización dos diferentes fragmentos existentes.

¹ REY CASTIÑEIRA, J. "Tipología de la cerámica castreña; Aportación a su estudio". Exemplar mecanografiado no Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía da Universidade de Santiago. (1978).

² Con este mesmo fin fixemo-lo traballo "Notas sobre algunhas pezas singulares da cerámica castrexa", *Gallaecia* 6 (1981), p. 229-235.

³ Mapa do Instituto Xeográfico e Catastral, a escala 1:50.000.

⁴ Agradecemos-las facilidades que se nos brindaron pró estudio da cerámica deste Castro.

⁵ Prás cores segimo-la tabla de A. Llanos y J. I. Vegas. En "Ensayo de un método para el estudio y clasificación de la cerámica" *Est. Arq. Alav.* VI. (1974), p. 297-298.

⁶ "La cerámica castreña de la comarca de Vigo", AESPA. XVIII. n.º 60. Madrid. (1945).

⁷ RODRIGUEZ SEOANE M.^a C. y DIAZ ALVAREZ, P. "Noticias de prehistoria en torno a Vigo y su Ría". Vigo. 1973. p. 61.

⁸ J. M. HIDALGO CUÑARRO está realizando a súa tese de licenciatura con este material.

⁹ ALVAREZ BLAZQUEZ J. M.^a, COSTAS GOBERNA F., HIDALGO CUÑARRO, J. M. "Vigo arqueológico". *Publicaciones del Museo Municipal "Quiñones de León"*. Vigo (1980), n.º 2, p. 38.

¹⁰ Prás primeiras campañas vid. LOPEZ CUEVILLAS F. y BOUZA BREY, F., "Prehistoria gallega. O Neixón". *BRAG.* t. XVI, año XXI, n.º. 181. A Coruña 1.º de Marzo de 1926.

¹¹ A falta de memoria final dos traballos de excavación, que se publicarán próximamente, véxase: ACUÑA CASTROVIEJO, F. "Las excavaciones en el castro O Neixón. Campaña de 1973". *NAH. Prehistoria*.

¹² Véase nota 10 e BLANCO FREIJEIRO, A. "Origen y relaciones de la orfebrería castreña". *CEG.* t. XII. n.º 36. Santiago (1975), p. 10-12.

¹³ GARCIA ALEN. "La espada de antenas de Fozara (Pontareas)". *BCMO.* XX. 1950-60, p. 79-82. FARIÑA BUSTO, CALO LOURIDO y ACUÑA FERNANDEZ, P. "Escultura" *Gran Enciclopedia Gallega.* X, n.º 153, p. 131. HIDALGO CUÑARRO, J. M. y COSTAS GOBERNA, F. J. "Importantes hallazgos en el Castro "A Cidade" De Caneiro (Fozara, Pontareas)" *EMP,* XXXII, 1978, p. 61-67.

¹⁴ Véase nota 13. HIDALGO CUÑARRO, J. M.

¹⁵ HIDALGO CUÑARRO, J. M., COSTAS GOBERNA, F. J. "El castro "A Cidade" de Caneiro, Fozara (Pontareas)" *EMP.* XXXIII, Pontevedra 1979, p. 181, fig. 40.

¹⁶ BOUZA BREY, F., ALVAREZ BLAZQUEZ J. M.^a y MASSO BOLIVAR, E. "Las aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío-Cangas)" *CEG,* XXVI, n.º 78. (1971), p. 64-81.

¹⁷ MILLAN GONZALEZ PARDO, I. "Sobre las aras del Santuario de Donón (Hío, Pontevedra) supuestamente dedicada a Liber" *Publicaciones del Museo Municipal "Quiñones de León" Castrelos.* Vigo 1978, n.º 1.

¹⁸ Estas pezas atópanse no Museo de Pontevedra.

¹⁹ BOUZA BREY, F. "Castros de la comarca de La Estrada". *CEG*, fasc. 1, t. I, 1944, p. 17. LOSADA DIEGUEZ, A. "Excavaciones en Montealegre (Domayo)". *MJSEA*, n° 90. 1925-1926. Madrid 1927.

²⁰ Según información de Antonio Costa Iglesias estas asas atopáronse: no Castelo de Darbo (Cangas-Pontevedra), Castro da Eirexiña (Hío, Cangas) e no Castro de San Martiño (Moaña, Pontevedra). Xulio Carballo Arceo proporcionounos un exemplar do Castro de Cascaxide, (Escuadro, Silleda-Pontevedra).

²¹ FERREIRA DE ALMEIDA. "Cerámica castreja" *Rev. Guimaraes*, LXXXIV n° 1-4, 1974, p. 174, est. XII.

²² FERREIRA D'ALMEIDA, C.A. y otros. "Excavações arqueolóxicas en Santo Estevo da Facha". *Arquivo de ponte de Lima*, n° 3 (1981), p. 56, fig. XXIX, est. IV.

²³ LUZON NOGUE, J.M. "Excavaciones arqueológicas en España", n° 78. 1971.



Fragmentos procedentes do castro da Isla de Toralla (nº 1 y 4),
Castro de Vigo (nº 3), Castro de O Facho de Donón (nº 5),
A Lanzada (nº 6 y 7).

LAM. I

